

TERRAS DE COMPOSTELA

Marilar Aleixandre

Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Polas características técnicas de esta edición:

© Polo texto: Marilar Aleixandre

© Polo texto: Paco Vilabarro

© Promocións Culturais Galegas, S.A.

Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas, S. A.

4780-583 Santo Tirso

I.S.B.N.: 978-84-8341-328-9

Depósito legal: VG 329-2009

Limiar	7
Bonaval: O movemento da tripla escaleira de caracol	11
Tellados, chemineas e o valente Xoán Tuorum	13
Leiras, leiroas e paredes; Belvís	15
Da rúa dos músicos ás sete portas da cidade	23
Pódese abrir o paraugas en todas as rúas? De Salsepodes ás Casas Reais	29
Da praza de Cervantes ao antigo Rego de Auga	33
Do caos de Praterías, á Quintana e ao Pórtico da Gloria	39
Do Obradoiro ás rúas do Vilar e Nova	47
Da carballeira de Santa Susana ao Sar de Rosalía	55

Limiar

Viaxeira, viaxeiro, ao entrar en Santiago de Compostela estás pisando o territorio da imaxinación. Talvez non haxa cidade que, como esta, deba a súa existencia á invención humana. Non está fronte ao mar nin na beira dun grande río e o único cruzamento que se deu nela foi o das ideas e ambicións que turraron para aquí de Iago, o pescador, a bordo dunha barca de pedra. Se é el ou non quen está soterrado na catedral, baixo unha lápida que levaba inscrita unha invocación aos deuses manes, é difícil aseguralo. Noutro lugar apuntei que o corpo debía ser o do bispo herético Prisciliano, decapitado no século IV. Quen sabe? Se á fin o que somos depende de como nos inventamos a nós mesmos, tanto ten que a historia sexa verídica se foi ben



Porta do Camiño

contada. A de Compostela é unha fermosa narración que é posíbel escoitar con só atender o que di cada pedra. Para guiarnos a través do territorio inventado de Compostela, seguindo a traxectoria leste-oeste que parece seguir o sol: quen mellor que o inventor e arquitecto Domingo de Andrade?

O noso itinerario comeza no que noutro tempo foi o mosteiro de San Domingos de

Bonaival, hoxe sede do Museo do Pobo Galego. Entramos na cidade pola Porta do Camiño, así chamada pois nela desemboca a rúa de San Pedro, último tramo do máis frecuentado de todos os camiños de Santiago, o Francés. Entramos seguindo as pegadas dos milleiros de peregrinos que desde hai once séculos procuran Compostela e, como se chegásemos tan cedo que estando aínda as portas fechadas temos que agardar extra muros, buscamos acougo en Bonaival.





Tripla escaleira de caracol de Bonaval

Bonaval: O movemento da tripla escaleira de caracol

Hai arquitectos que elaboran a súa obra non tanto con pedra ou madeira senón con luz e sombra, e Domingo de Andrade é un deles. Este arquitecto barroco foi inventor, autor de propostas para atravesar un río baixo a auga sen ser visto. Deses documentos que quizais anticipaban os submarinos só nos chegaron fragmentos. O que si fica del son obras magníficas como a tripla escaleira de caracol do Museo do Pobo Galego, a Torre do Reloxo na catedral ou a Casa da Parra na Quintana.

Como moitos habitantes de Santiago, Andrade non naceu aquí, senón en Cee, na Costa da Morte, en 1639. Talvez cando deseñou a tripla escaleira de caracol estaba influído, consciente ou inconscientemente, polo

TERRAS DE COMPOSTELA

trícele, o símbolo celta da tripla espiral inscrito nas laxes. O certo é que a escaleira que estamos subindo (para coñecela non basta con vela ou fotografala, debemos percorrela) é unha construción extraordinaria. Aínda que no mundo existen escaleiras de hélice dobre, a do Vaticano ou a do castelo de Chambord, deseñada por Leonardo da Vinci, a de Bonaval é a única tripla. É así mesmo un resumo do barroco, estilo do que encontraremos en Santiago destacados exemplos. A esencia do barroco (palabra que procede en todas as linguas do portugués) é o movemento, a representación que chega a ser teatral. A escaleira na que nos encontramos é movemento en estado puro e mesmo despois de saír dela para visitar outros recantos de Bonaval, como o claustro, a tumba de Rosalía ou o antigo cemiterio transformado en parque, as súas espirais seguen xirando na nosa cabeza.



Tellados, chemineas e o valente Xoán Tuorum

Para coñecer Santiago é preciso camiñar polas súas rúas sobre as lousas que foron desgastadas por outros, gabear ao máis alto dos miradoiros e contemplar os tellados. Poderíamos entrar no Centro Galego de Arte Contemporánea, obra de Álvaro Siza, que desde as súas arestas propias do século XX dialoga co barroco de Bonaval, contemplar no alto da súa terraza unha panorámica da cidade. Mais, da man de Domingo de Andrade, eu tomaría unha ruta diferente, máis longa, que nos leva a través doutra actuación de Siza –a reforma do cemiterio de Bonaval realizada xunto coa paisaxista Isabel Aguirre–, a carón de nichos baleiros, integrados como un elemento máis xunto con árbores,

TERRAS DE COMPOSTELA

auga e esculturas, ao cumio do parque. A cidade histórica esténdese aos nosos pés, espreguizando as innumerábeis torres en competencia coas da catedral, lavando na chuvia a pel dos seus tellados (deséxovos que contempledes os tellados de Santiago nun día de sol, mais temos a estatística en contra), erguendo as chemineas que xa non cospen fume. Observando as chemineas máis



Centro Galego de Arte Contemporánea

próximas ao parque, as da rúas de Bonaval, rúa do Medio e San Pedro, podemos preguntarnos como é posíbel que casas tan pequenas tivesen unhas chemineas tan enormes, por que algunhas casas fachendea de dúas e até tres chemineas. Cousas do barroco: as chemineas non eran só un camiño para o fume, senón tamén un signo da importancia dos propietarios da casa. Case enfronte da porta de ferro do cemiterio, na rúa de Bonaval, hai unha casa con dúas grandes chemineas que fan temer que o tellado caia baixo o seu peso. Máis que chemineas son un aturuxo: Ollade como sobranceo!

Saíndo por esta grande porta de ferro e tomando a rúa de Bonaval cara á dereita, encontramos outra porta, sempre fechada, cun tímpano de pedra de estilo románico tardío, que leva unha inscrición referente a Xoán Tuorum, o “Home Santo”. Xoán Tuorum, ferreiro da Porta do Camiño foi, segundo a tradición, un dos que participaron en 1320 na rebelión dos veciños de Santiago contra o arcebispo Berenguel de Landoira, e a pretensión da Igrexa de detentar o señorío da cidade. Cando Landoira, logo de tomar o castelo

TERRAS DE COMPOSTELA

da Rocha Forte e pasar a coitelo aos rebeldes, entrou vitorioso na cidade, tomou vinganza e o ferreiro foi preso baixo a acusación de dar morte a un familiar do arcebispo. No século XIV pouca defensa había fronte os poderosos, e Xoán Tuorum foi condenado á forca. Conta a lenda que, camiño dela, pasando por diante da imaxe da Virxe, invocouna




Rúa de Bonaval

chamando: “Ven e váleme!”. Ao momento caeu fulminado no chan, no que todos entenderon como un milagre que o salvaba da ignominia da forca. Foi enterrado nese lugar, baixo un cruceiro denominado o do Home Santo. Diríase que os composteláns dese tempo identificaban santidad coa defensa dos dereitos dos veciños.

Voltamos á porta de ferro, para cruzar desde ela a rúa de Bonaval e tomar as escaleiras que baixan, a través da rúa do Medio, á de San Pedro. Observemos que estas rúas son das poucas de Santiago nas que o piso de laxes de xisto non foi agochado baixo o asfalto. Aínda non cruzamos a Porta do Camiño, pois desde a rúa de San Pedro imos tomar un roteiro pouco frecuentado polos turistas que nos levará, pola Calzada de San Pedro e a rúa de Belvís, tamén pavimentada con lastros, ao miradoiro de Belvís.



TERRAS DE COMPOSTELA



Porta coa inscrición referente a Xoán Tuorum

Leiras, leiroas e paredes: Belvís

Aínda que o miradoiro do parque de Belvís pode ser visitado a calquera hora, a vista máis fermosa é á mañá, cando o sol do leste se reflicte desde as nosas costas nos tellados da cidade histórica. Cómpre gabar neste parque unha actuación que preserva, xunto á cidade que existe agora, as que existiron noutro tempo. Porque en Santiago de Compostela, como noutras cidades e vilas galegas, conviven o mundo urbano e o rural, audaces edificios da arquitectura contemporánea e leiras nas que antonte se cultivaban verzas ou patacas. Debemos a sucesivos gobernos municipais, que resistiron as presións especulativas, que sexa posíbel contemplar estas leiriñas en lugares como Belvís, a parte de atrás da rúa das Hortas, que así fai xustiza ao seu nome,

TERRAS DE COMPOSTELA

ou as brañas do Sar. Estas poucas, pois a meirande parte das leiras foron asolagadas baixo o cemento e con elas os seus nomes: Agra das Pedras, Lomba da Agra, Cortiña do Pozo, Leira da Lebre, Agro da Espiñeira, Labazal, Tallo da Agra, Labradío das Moas, Eira da Palleira, Leiroas, e até cento e cincuenta e catro só nunha pequena área da Choupana. Centos ou miles máis no conxunto da cidade. Non cabe laiarse por cambios inevitábeis, ninguén volverá sementar liño nunha cortiña e hai



Miradoiro de Belvís

moito que as lebres desapareceron de Compostela, mais si podemos gardar a memoria destes nomes, pequenas xoias transmitidas boca a boca por innumerábeis xeracións. Un exemplo: segundo os lingüistas, os diminutivos en *-oa* (figueiroa, eiroa) foron substituídos por *-iña* no século XI. Isto significa que un nome como *Leiroas*, aplicado a unha pequena agra, foi teimosamente gardado por xeracións de composteláns durante dez séculos.

En Compostela e en toda Galicia, as leiras están ganduxadas unhas a outras por parediñas de pedra, puntadas que manteñen no seu lugar a paisaxe. Confeso unha afección desmesurada polas parediñas de pedra. Cada vez que vexo caer unha é como se me cortasen un anaco de carne. Outro acerto de Belvís é a conservación das paredes de antigas casas e a construción dalgunhas novas. Paredes levantadas con xistos (xunto co granito a rocha máis abundante en Santiago), nos que escintila a mica. Paredes douradas en amarelo polo mesmo lique (de nome *Xanthoria parietina*) que doura os muros da catedral. Paredes colonizadas por plantiñas como os

TERRAS DE COMPOSTELA

couselos, de folla case circular, a herba da andoriña, que contén un leite amarelo utilizado para eliminar verrugas, os alfinetes vermellos, as pequenas flores azul-violeta dos paxariños. Paredes nas que pousan os paxaros, como o rabirrubio, tan abundante en Belvís. Neste parque podemos demorarnos na observación de paxaros, árbores, pedras, antes de tomar pola rúa das Trompas en dirección ao que noutro tempo foi o intramuros.



Rúa das Trompas

Da rúa dos músicos ás sete portas da cidade

Parte da memoria da cidade está nas pedras, parte nos topónimos de leiras, regos e lugares, parte nos nomes das rúas. Beirean o parque de Belvís polo norte a ruela da Tafona, onde debeu haber un forno de cocer pan, e a das Fontiñas. Ao sur, a rúa das Trompas é motivo de chanzas para quen descoñecen que a orixe deste nome está no instrumento musical de vento. No século XVIII viviron nesta rúa dous músicos italianos, que tocaban cadansúas trompas na Catedral, e adornaron a fachada da súa casa cun relevo representándoas. Seica tamén emprenderon un negocio de curtido de peles e coiro, un de tantos deste tipo que houbo na cidade e que chegaron a dar nome á rúa e ao barrio dos Pelamios.

TERRAS DE COMPOSTELA

A rúa das Trompas desemboca no perímetro do que foi a muralla da cidade medieval. Segundo o *Códice Calixtino*, a primeira guía de viaxes que se escribiu, ingresábase na cidade por sete portas: a do Camiño, xa mencionada, a de Mazarelos pola que entraban os viños do Ulla e do Ribeiro, a da Mámoa, a Faxeira, pola que chegaba o peixe da beiramar, a da Trindade, a de San Francisco e a da Pena. Das sete só queda en pé a de Mazarelos, e baixo o seu arco entramos no corazón da cidade.

O nome de Mazarelos vén de *macellum*, mercado, pois neste lugar vendíanse comestíbeis, sobre todo cereais, verdura e viño. Aínda que hoxe resulte difícil imaxinar un mercado galego sen peixe, este vendíase nunha casa á parte, situada nas Praterías. Na praza de Mazarelos, formando parte dos edificios que pertenceran aos xesuítas, encóntrase o que foi, a partir de 1845, o primeiro instituto de ensino secundario de Santiago, hoxe Sede da Facultade de Filosofía.





Praza da Universidade

Desde Mazarelos, pola praza da Universidade e a travesa da Universidade, chégase a San Fiz de Solovio e ao mercado de abastos. San Fiz, nun emprazamento anterior ao da propia catedral, é unha das igrexas máis antigas da cidade e nela admiramos o tímpano de estilo románico (malia estar realizado no século XIV), unha adoración dos magos na que é visíbel a policromía que fai por exemplo que Baltasar teña a cor negra que lle corresponde segundo a tradición.

TERRAS DE COMPOSTELA

O mercado de abastos, que cómpre visitar á mañá pois á tarde está fechado, é o segundo lugar da cidade en número de visitas, só detrás da catedral. O máis interesante do mercado non é tanto a construción, de metade do século XX, senón a incesante actividade de quen nel traballan, a variedade de produtos ofrecidos, moitos deles procedentes de pequenas hortas e leiras arredor da cidade. O



Mercado de Abastos

seguinte diálogo, no que participei como compradora, dá unha idea do aprecio dos composteláns pola produción local e a enorme distancia imaxinaria que poden supoñer quince quilómetros:

—Estas patacas son de aquí? —comprobando se eran galegas.

—Ai, non, filliña. Non quero enganala. Sonlle de Padrón.

Nos postos exteriores ás naves amoréanse canastros de pementos de Herbón, tomates, leitugas, verzas ou grelos (que aseguran ser os máis doces do país), segundo a estación. Os xoves e os sábados é posíbel mercar moletes de Mesía ou de Cea cocidos en forno de leña. No interior, queixos artesáns, carne con denominación de orixe e, sobre todo, peixe. Logo de visitar moitos mercados en distintas cidades do mundo, pódese afirmar que hai poucos (se hai algún) que ofrezan unha variedade e calidade de peixe comparábel ao de Santiago. Xigantescas chernas e abadexos, escintilantes sardiñas, xardas azuis, sanmartiños de ollos arregañados, e tamén vieiras, zamburiñas, bruños, nécoras... Hoxe en día préstase atención á estética e as pescantinas

TERRAS DE COMPOSTELA

compiten na colocación dos exemplares máis fermosos. Digo pescantinas pois as vendedoras de peixe son mulleres, costume que vén de antigo como reflicten documentos medievais.

O mercado foi construído sobre o que foran a finca e as hortas dos condes de Altamira. Por outra banda, en 2005 co gallo das escavacións para amplialo, foron encontrados vestixios arqueolóxicos e partes duns esqueletos baixo a porta sur, que puideron corresponder a unha necrópole. En Santiago todas as pedras teñen algunha historia que contar e, agochadas baixo elas agardan a súa oportunidade centos de historias máis.



Arco que comunica coa ruela de Oliveira

Pódese abrir o paraugas en todas as rúas? De Salsepodes ás Casas Reais

En Compostela hai rúas menos estreitas, máis estreitas e angostísimas. Este tamaño a medida humana forma parte do seu encanto, mais para quen gobernaron a cidade noutros séculos foi motivo de preocupación, levando a derrubar os soportais que antes existían en distintas rúas e que hoxe apenas conservamos nas do Vilar, Nova e pouco máis. Para coñecer un deses pequenos recantos onde os visitantes deben circular case en fileira, saímos do mercado pola rúa das Ameas e Santo Agostiño cara á praza do Irmán Gómez (antes chamada dos Bombeiros), e atravesamos o arco que comunica a praza coa ruela da Oliveira na que podemos contemplar como os edificios a ambos lados parecen aproximarse



Entrerrúas (comunica a Rúa Nova coa do Vilar)

nun funil coa intención de impedirnos o paso. Camiñando pola ruela da Oliveira en dirección á rúa Travesa encóntrase á esquerda Salsepodes, unha ruela cega da que o nome explica todo. Hai en Santiago rúas máis estreitas que a ruela da Oliveira? Se algunha

pode competir con ela é Entrerrúas, que comunica a rúa Nova coa do Vilar, na que nos días de chuvia é imposíbel camiñar co parau-gas aberto.

Non é que as rúas e ruelas de Compostela queiran esmagar os camiñantes, é unha mostra de agarimo, de proximidade. Eses pequenos labirintos facilitaron aos seus habitantes moverse ás agochadas, entrar sen ser vistos na casa dunha amante, como El-rei Pedro, reunirse en xuntanzas clandestinas como os militantes das organizacións antifranquistas no tempo da ditadura. Saíndo da rúa Travesa á das Casas Reais e continuando por esta á man esquerda, encóntranse dous fermosos predios: no número 14, o Pazo barroco de Fondevila, de mediados do século XVIII; e facendo esquina con el, a casa gótica do número 12 que, malia sufrir importantes reformas, conserva unha preciosa porta. Disque nesta casa é onde Pedro I (rei que perdeu unha batalla sucesoria e pasou á historia co



TERRAS DE COMPOSTELA

sobrenome de Cruel) se encontraba con Xoana de Castro, raíña por uns días, coa que casou nunha cerimonia finxida, pois xa tiña outra muller, abandonándoa despois. Xoana, irmá de Inés de Castro, está soterrada no panteón real da catedral. Case enfronte destas dúas casas, na praza de Salvador Parga, encóntrase a que foi sede da Sociedade Económica de Amigos do País, núcleo de reunión dos ilustrados do século XVIII.

Neste punto do percorrido, internándonos na cidade histórica, habería algo que dicir de cada rúa, case de cada predio. Non sendo posíbel, o itinerario proposto é un de moitos e a viaxeira, o viaxeiro pode descubrir outros camiños por Compostela.



Praza de Salvador de Parga

Da praza de Cervantes ao antigo Rego de Auga

Santiago posúe un casco histórico excepcional, declarado patrimonio da humanidade pola UNESCO. Que fai tan especial a cidade histórica? Non só a catedral, as igrexas e conventos, con seren moitos e fermosos. Hai dúas características que son máis raras. Unha, a conservación da planta ou trazado da cidade medieval, a pesar de que o número de casas medievais é pequeno, sendo a maior parte barrocas. Ao contemplar Santiago nun plano estamos ollando a estrutura da cidade medieval, mesmo se as casas foron substituídas ao longo do tempo. En segundo lugar, que segue sendo unha cidade viva, que nela hai casas habitadas por veciños, tendas de comestíbeis e pan, librarías, quioscos de



Praza de Cervantes

prensa, estudantes que bulen polas rúas, baiucas onde tomar un viño ou escoitar música. Cómpre dicir que isto non é froito do azar, senón que vén sendo favorecido polo planeamento urbano nas últimas décadas.

A praza de Cervantes, que antes levou os nomes de praza do Campo, Foro ou praza do Pan, é a máis antiga de Compostela. Quedaba fóra da primeira muralla levantada no século X, e ante a muralla, no “campo”, constituíuse un lugar de reunión. Nela o pregoeiro facía públicos acordos ou ordenanzas, encontrábanse os que vendían e mercaban, nunha feira ou mercado. A grande casona barroca

adornada cun balcón que fai esquina co Preguntoiro foi sede do Concello entre os séculos XVII e XIX. As casas barrocas construíronse sobre casas medievais, conservando algúns dos seus elementos. Así, no ano 2006 durante as obras de reforma do número 6, para albergar a librería Couceiro, encontráronse restos do antigo abastecemento de auga da cidade (que foron levados ao Museo das Peregrinacións), e outras conducións de pedra do interior da casa, que poden contemplarse na propia librería. Dous números máis alá, no 8, encóntrase outra fermosa casa barroca, atribuída a Domingo de Andrade. Enfronte dela, un imponente edificio de finais do XIX, o máis moderno da praza, foi a banca de Olimpio Pérez, un dos moitos bancos locais que tiveron un destacado papel na economía da época. Para construíla derrubáronse algunhas casas medievais, entre elas a pertencente aos Moscoso, unha das familias nobres que ao longo da idade media disputaron o



TERRAS DE COMPOSTELA

poder á Igrexa en repetidas ocasións.

Da man de Domingo de Andrade, saíndo de Cervantes polo Preguntoiro, xusto antes das Cinco Rúas, chégase á praza de Feixóo, onde se encontra un pazo barroco, tamén da súa autoría. Aínda que o pazo non se visita por ser unha vivenda privada, si é posíbel entrar no que foron as súas cortes de cabalos, nas que a comezos dos anos 70 foi instalado o pub Modus Vivendi.

Desde a praza de Feixóo baixamos en dirección á catedral pola encosta rúa que leva o nome de Xelmírez, antes chamada Rego de



Praza de Feixóo

Feixóo

Auga. Ao arcebispo Xelmírez debemos en grande medida a actual configuración urbana de Compostela pois, ademais das obras emprendidas na catedral, ordenou a apertura da rúa Nova, eixo da expansión urbana, e as obras de condución de auga. Xelmírez debía coñecer ben toda a cidade: demóstrao a forma en que escapou da torre das campás e do templo incendiado durante a revolta de 1117, escalando muros e cruzando polos tellados, episodio narrado na *Historia Compostelana* (metade crónica, metade fábula).

En Compostela mestúranse realidade e invención. Baixando por Xelmírez encóntrase unha rúa, a da Balconada, que só existiu na imaxinación dos composteláns. Conta a lenda que un marido enganado deu morte ao arcebispo cando a procesión pasaba ante a casa da Balconada e que, debido a este sacrilexio, o Concello mandou tapiar a rúa, paralela ás do Vilar e Nova. Mais o certo é que o único espazo que existiu entre elas foi o das hortas, e que se neste lugar un bispo foi morto a espada a causa non foron os seus amoríos, senón o seu apoio a Henrique de Trastámara contra Pedro I.

TERRAS DE COMPOSTELA



Rúa de Xelmírez

Do caos de Praterías, á Quintana e ao Pórtico da Gloria

Que dicir de Praterías? Cómpre visitala pouco antes do solpor, cando a luz oblicua tinxe as pedras e os liques da cor que pintan as viñas no outono. Praterías, a fachada máis antiga da catedral, é como unha colcha de farrapos na que, xunto aos portais románicos, foron combinados restos da Porta do Paraíso e esculturas procedentes doutros lugares da catedral. Praterías é caótica e fragmentaria, nela mestúranse as tentacións de Cristo, Eva e Adán, un centauro, David tocando a arpa. Poderíamos pasar horas en Praterías. Compréndese que García Lorca quedase engaiolado coa fonte renacentista dos cabalos e lle dedicase un poema. Se nos encontramos nela no intre en que vai voar o

botafumeiro, cómpre entrar e, esquecendo os turistas, contemplar ese prodixioso ritual. En van trataríamos de falar nunhas liñas do interior da catedral, precisaríase un libro enteiro. Seguimos a Domingo de Andrade nun breve percorrido polo seu exterior.

Di unha norma do urbanismo de Compostela (non sei se escrita ou non, en todo caso cumprida) que non se pode levantar un predio máis alto que as torres da catedral. Todas elas son fermosas, mais moitos somos os que preferimos a que flanquea Praterías, a torre do Reloxo, tamén chamada a Berenguela, pois foi comezada en tempos de Berenguel de Landoira, malia non ser finalizada por Domingo de Andrade até tres séculos máis tarde, en 1680. Segundo Cunqueiro cando tanxía a campá da Berenguela, tamén chamada campá de horas, melloraba o viño. Cunqueiro referíase á antiga campá de 1729, que daba o Do grave e, probabelmente, aos viños que servían en Santiago a mediados do século pasado, que precisaban toda caste de milagres para poder ser bebidos sen risco. Esta campá, que pola beleza do seu tanxido estaba considerada das mellores do mundo, fendeu



Praterías

e foi retirada ao claustro, sendo substituída por unha nova en 1990. Por fortuna a calidade dos viños galegos é agora excelente.

Ben pode a Quintana, pola harmonía das súas proporcións e polos predios que fechan os seus catro lados, compararse co Obradoiro. Hai quen admira a fachada leste na que, nun exercicio de reciclaxe, de tantos como ocorreron na catedral, foran instaladas as esculturas do antigo coro de pedra, obra do Mestre Mateo. Aínda que para outros a parede de enfronte –é dicir a do mosteiro de San Paio de Antealtares– coas súas fiestras enreixadas, é

TERRAS DE COMPOSTELA



Torre do Reloxo. Tamén chamada a Berenguela

só un muro, o arquitecto Aldo Rossi describiuna como a peza de construción máis fermosa de Europa. Ao norte e ao sur da praza cadansúas casas tamén debidas a Domingo de Andrade, a Casa da Parra, coas súas ornamentacións froiteiras, e a Coenga. Pero a Quintana, ou polo menos a fachada leste, estivo a piques de desaparecer, pois a comezos do século XIX emprendeuse un proxecto de remodelación, similar ao da fachada norte. Unha catástrofe evitou outra: o exército de Napoleón saqueou as arcas, levando a prata recadada para a remodelación. A Quintana de mortos foi orixinalmente cemiterio. Aínda hai fotos de comezos do século XX que mostran as árbores plantadas nela antes de seren substituídas por laxes de pedra.

É hora de que Andrade ceda o seu lugar ao artífice da catedral, o Mestre Mateo, pois imos cara ao Pórtico da Gloria. Se o pórtico nos parece belo, fechemos un intre os ollos, imaxinemos como sería cando as esculturas





Quintana

lucían as cores con que foran pintadas. A policromía, mantida durante séculos, estragouse case por completo durante a realización dun molde en xeso para o museo Vitoria e Alberte de Londres. Mateo asinou a súa obra no lintel, en 1188, e representouse a si mesmo por detrás do pórtico, mirando ao interior, no que algúns consideran o primeiro autorretrato dun escultor. Durante séculos os peregrinos bateron coa fronte na cabeza deste santo dos croques coa esperanza de

aumentar a súa intelixencia, ritual que seica o cabido quere suprimir. Claro que hai outros que se confunden de estatua, dándose croques contra a de Gilgamés, que está no lado de diante. Este rei sumerio (real ou lendario) viviu no que hoxe é Iraq. No poema de Gilgamés nárrese un mito da creación, no que se inspiran os primeiros libros da biblia. No pórtico, Mateo resumiu o Apocalipse, representando no centro a Cristo e os evanxelistas, e sobre eles vinte e catro anciáns que tocan instrumentos musicais, cítaras, arpas, salterios e zanfonas, representados con tanta precisión que hai uns anos foi posíbel reconstruílos. Máis preto de nós, nas columnas, recoñecemos a Moisés, Xeremías e sobre todo a Daniel, un mozo que está sorrindo, rachando coa tradición anterior de figuras ríxidas e hieráticas. De que ri Daniel? Hai tantas hipóteses sobre o sorriso de Daniel como sobre o da Gioconda. Dise que ao sorrir pretende seducir a Ester, a raíña de voluptuosas formas situada enfronte del. Talvez Mateo pretendeu, con ese sorriso, seducir unha muller de carne. Como sabelo?

Ver a catedral por dentro, vela por fóra e, se

TERRAS DE COMPOSTELA

hai tempo, subir aos tellados. O paseo polos tellados inclúe a visita ao pazo de Xelmírez, o exemplo máis sobranceiro de románico civil na península. Nós, botando unha derradeira ollada ao riso de Daniel, saímos ao Obradoiro, en dirección á rúa do Vilar.



Pórtico da Gloria

Do Obradoiro ás rúas do Vilar e Nova

Cómpre visitar o Obradoiro de día. Cómpre visitalo tamén no luscofusco e á noite, a unha hora en que talvez te encontres a soas e poidas escoitar historias bisbadas polas pedras. O hostel dos Reis Católicos hoxe é hotel, mais foi hospital até mediados do século XX. Da outra banda da praza, o colexio de San Xerome, sede do Reitorado da Universidade, é do século XVII, mais nel foi recuperada unha porta románica. Tratou alguén de facer desaparecer o Obradoiro? O cuarto predio na praza, construído no século XVIII, estivo a piques de conseguilo. Hoxe sede do Concello, foi edificado como pazo arcebispal por Raxoi, quen pretendía situalo no medio do Obradoiro, deixando entre el e a catedral o espazo dunha rúa. O director do hospital,



Obradoiro

daquela Hospital Real, argumentou que iso bloquearía o aire puro, tan necesario para sanar os doentes. No fondo, un pulso entre os privilexios da Igrexa e os do rei que foi gañando polo segundo. Desde o extremo oeste da praza poden verse as hortas preservadas baixo ela. Se da banda da catedral estaba o Paraíso, nesas rúas, Hortas, Trindade, Carretas, fóra do recinto da muralla, encontrábase o chamado Inferniño, ou pequeno inferno, lugar do pecado; os bordeis, negocios que, ao parecer, dependían tamén do cabido.

Imos percorrer a rúa do Vilar, a máis antiga de Santiago. As casas da rúa do Vilar, como as de toda a cidade histórica, levan aínda a marca de quen foron donos da cidade durante séculos: ben cunchas, símbolo do cabido, ben árbores (piñeiro), símbolo de San Martiño Pinario. Podemos pasear por esta rúa, deixarnos engaiolar polo seu encanto, aproveitar os soportais, como os renacentistas da casa dos Armada, no número 18, se temos que protexernos da chuvia. Camiñando por ela podemos recuperar a memoria das persoas que viviron e traballaron aquí noutro tempo, como Ánxel Casal, alcalde da cidade durante a República, que a partir de 1933 editou na



TERRAS DE COMPOSTELA

Imprenta Nós, no número 15 desta rúa, libros da editorial do mesmo nome, xornais e outras publicacións republicanas e galeguistas. Ánxel Casal foi asasinado polos fascistas en agosto de 1936.

Na rúa do Vilar quedan aínda comercios que parecen doutra época, como o de sombreiros no número 34; antigas casas medievais, de soportais simples, por exemplo as dos números 61 e 63 e outras barrocas, como as dos números 62 e 64, enfronte delas. Moitos dos edificios históricos albergan na actualidade oficinas, como a casa do Deán, do número 1, a de acollida dos peregrinos, ou o pazo barroco de Vaamonde, as do Consorcio da cidade. Á esquerda do pazo de Vaamonde, Entrerrúas, a ruela estreita onde non é posíbel abrir o paraugas, comunica a rúa do Vilar coa rúa Nova.

Na rúa Nova, como na do Vilar, alternanse casas medievais con outras barrocas e renacentistas. Das primeiras, temos nos números







Rúa Nova

29 e 31 dúas das casas medievais mellor conservadas da cidade, casas dun só piso que pola súa antigüidade parecen máis sinxelas que as construídas posteriormente, e que nos permiten imaxinar como foi esta rúa nos séculos XII ou XIII. A mestura de estilos alcanza casas e igrexas, por exemplo a románica de Salomé, a nai de Santiago, a carón do número 31, que comezou a ser construída no tempo de Xelmírez aínda que máis adiante foron engadidos outros elementos, como a torre barroca. Eu teño especial simpatía pola


Virxe embarazada da portada e por un anxo barroco con lentes que hai no seu interior. Este anxo curto de vista, que debía ser un rato de biblioteca, resúltame máis próximo que os que branden espadas de lume. Na rúa Nova hai interesantes predios barrocos, como a casa das Pomas, no número 12, obra de Domingo de Andrade, e outros posteriores, así o pazo de Ramirás, construído no século XIX sobre as ruínas do que foi Colexio dos Irlandeses, un seminario fundado no



Igrexa de Salomé

TERRAS DE COMPOSTELA

XVI por exiliados que fuxían da persecución política e relixiosa no seu país. Antes de saír do intramuros, podemos achegarnos á porta da Mámoa, e esculcar polos cristais o interior do bar *Derby*, á procura da sombra do escritor Ramón del Valle Inclán quen, sentado na mesa da esquina, adoitaba manter faladorio nel.



Da carballeira de Santa Susana ao Sar de Rosalía

Entramos na cidade histórica por Mazarelos e saímos dela, atravesando a praza do Toural, pola porta Faxeira, que garda no seu nome a lembranza dunhas faias que xa non existen. Na porta Faxeira comeza a Alameda, un parque no que poñendo a orella nas árbores poden escoitarse ecos das numerosas concentracións cívicas que nela tiveron lugar, desde as prohibidas, durante a ditadura franquista, ás multitudinarias provocadas pola catástrofe do *Prestige* en 2002. A Alameda e a carballeira de Santa Susana, na que se continúa, seguen nisto unha antiga tradición, pois foi en Santa Susana onde se constituíu a Irmandade Xeral en 1465, ao comezo da revolta Irmandiña. Concentracións e feiras,



Praza do Toural

en Santa Susana celebrábase unha importante feira de gando todos os xoves do ano, até finais do século XX no que foi trasladada a Salgueiriños.

Percorrendo a Alameda até o comezo do campus universitario chegamos á estatua de Rosalía. Evoco a imaxe dun neno de oito anos que, en 1958, atendendo a petición de dous señores vascos de cabelo branco, conduciunos até Rosalía e leu en voz alta para eles o poema gravado na pedra. Nese intre non entendeu a devoción con que ollaban a

imaxe, como se fose a dunha santa. Rosalía, pioneira en tantos eidos, ademais de ironizar sobre o que eran temas apropiados para as mulleres, escribiu un texto en defensa dunha carballeira nas beiras do Sar. Creo que é a que hoxe está preservada no parque de Pontevedriña que leva o nome de Eugenio Granell.

Mentres escoito a voz singular de Rosalía, outras voces e pedras fungan porque non houbo lugar para elas neste breve percorrido.



Pido desculpas ao Carme de Abaixo e recomendando ás viaxeiras, aos viaxeiros que non deixen de visitar os exemplos de arquitectura moderna en Compostela. Que non se desanimen polas críticas: os contemporáneos de Domingo de Andrade indignáronse cando puxo as mans en Bonaval. Merece a pena visitar a pérgola de Helio Piñón en Xoán XXIII, ou a praza de Pascual Veiga, onde César Coll botou a navegar o que de día parecen barcos e fachos de noite. Creo que a Rosalía, tan adiantada ao seu tempo, habían agradecerlle. E eu, camiño do banquete de Conxo, digo adeus.